

## CONVOCATORIA DE CONCESIÓN DE ANOS SABÁTICOS PARA O CURSO

2013/2014

### Obxectivo:

- O artigo 88.3 dos Estatutos establece que “para facilitar o acceso ao ano sabático do profesorado con dedicación a tempo completo, o orzamento anual da universidade fará previsión dos fondos que permitan financiar o goce deste dereito”.
- A Universidade de Vigo pon en marcha a convocatoria de concesión de anos sabáticos para o curso 2013/2014 que permita contratar, cando sexa necesario, profesorado asociado na área correspondente.

### Solicitantes:

As persoas que soliciten un ano sabático deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a) Pertencer aos corpos docentes universitarios ou ter un contrato con vinculación permanente (PCD).
- b) Ter unha antigüidade non inferior a sete anos continuados na Universidade de Vigo, como persoal funcionario dos corpos docentes universitarios ou como PCD, con adicación a tempo completo.
- c) Non ter gozado dun ano sabático posteriormente ao curso 2006/07.

### Formalización das solicitudes:

As solicitudes dirixiranse á Vicerreitoría de Organización Académica, Profesorado e Titulacións e irán acompañadas da seguinte documentación:

- a) Curriculum Vitae
- b) Descrición das actividades a realizar durante o período sabático, na que se xustifique a conveniencia da suspensión da actividade docente ordinaria así como o compromiso de presentación dun informe da actividade realizada.

### Avaliación das solicitudes:

Para a concesión do ano sabático se terán en conta, fundamentalmente os períodos de actividade docente e investigadora avaliados positivamente, así como os períodos de xestión desempeñando cargos unipersoais. Correspóndelle á COAP a aprobación dos criterios de puntuación en cada un dos apartados.

A COAP, unha vez analizadas as solicitudes presentadas, decidirá sobre a súa concesión.

Como regra xeral, non poderá concederse máis dunha licenza por área de coñecemento.

### Prazo e lugar de presentación:

As solicitudes poderán presentarse no Rexistro Xeral ou auxiliares da Universidade de Vigo.

O prazo de presentación de solicitudes **finaliza o día 14 de marzo de 2013**.